



## CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO

Teléfs.: 982 46 62 01 / Fax: 982 46 63 52

E-mail: concello@ccarballedo.e.telefonica.net

### PROPOSTA DE ALCALDÍA.-

CONVOCATORIA DE PROCESO SELECTIVO E APROBACIÓN DE BASES PARA A SELECCIÓN, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DUN / DUNHA AXENTE TIC PARA A AULA CeMIT, A MEDIA XORNADA, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO).

DON JULIO MANUEL YEBRA-PIMENTEL BLANCO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO),

Vista a notificación da resolución de solicitude de aula de referencia e de concesión de subvención pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, pola que se resolve considerar a Aula CeMIT do Concello de Carballedo como Aula de Referencia dacordo coa cláusula terceira do convenio de colaboración entre Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias, para o desenvolvemento do Plan de Inclusión Dixital no eido da administración local.

Considerando que constitúe unha necesidade urxente e inaprazable realizar dita contratación, xa que no cadro de persoal do concello non existe persoal laboral fixo ou funcionario suficiente para levar a cabo as funcións propias do posto de traballo para cubrir, e só acudindo ao nomeamento de referencia pode a Administración solucionar a necesidade xurdida.

Tendo en conta o anterior, procédese a regular a convocatoria para a contratación dun / dunha Axente TIC para a aula CeMIT do Concello de Carballedo, considerada actualmente como aula de referencia.

Vista a Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local,

PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

**PRIMEIRO.- Aprobar as bases e a convocatoria para o acceso a unha praza de Axente TIC para a aula CeMIT do Concello de Carballedo, considerada actualmente como Aula de Referencia.**

BASES PARA A SELECCIÓN, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DUN / DUNHA AXENTE TIC PARA A AULA CeMIT, A MEDIA XORNADA, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO).

#### **1.- NORMAS XERAIS.-**

A selección rexerese por o previsto nestas bases, Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do emprego público, Lei 30/84, do 2 de agosto, de medidas urxentes para a reforma da



## CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeño, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO  
Teléfs.: 982 46 62 01 / Fax: 982 46 63 52  
E-mail: concello@ccarballedo.e.telefonica.net

función pública, modificada por Lei 23/88, do 28 de xullo, Lei 7/ 85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, Lei 5/97, de administración local de Galicia, Real Decreto legislativo 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, Relá Decreto 896/1981, de 7 de xuño, Real Decreto 364/95, Real Decreto legislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e a resolución da solicitude de Aula de Referencia e de concesión de subvención da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, pola que resolve considerar a aula CeMIT do Concello de Carballedo como Aula de Referencia dacordo coa cláusula terceira do convenio de colaboración suscrito entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias, para o desenvolvemento do Plan de Inclusión Dixital no eido da administración local.

### 2.- CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO.-

As labores a levar a cabo polo persoal contratado ao efecto serán as previstas no Anexo I da resolución da solicitude de Aula de Referencia e de concesión de subvención da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, pola que resolve considerar a Aula CeMIT do Concello de Carballedo como Aula de Referencia dacordo coa cláusula terceira do convenio de colaboración suscrito entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias, para o desenvolvemento do Plan de Inclusión Dixital no eido da administración local.

**Obxecto e tipo de contrato.-** Contratación laboral temporal a media xornada por obra ou servizo determinado, modalidade establecida no art. 15.1 a) do Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, vista a autonomía e substantividade propia que supón a creación e posta en funcionamento do servizo de referencia.

**Sistema selectivo:** Concurso-oposición.

**Tempo de contrato:** Ata o 31 de decembro de 2014.

**Prazas:** unha (1).

**Retribucións:** salario bruto de 763,90 euros (xa incluídas as prorratas das pagas extras), e cota empresarial da Seguridade Social de 250,18 euros.

**Período de proba:** Establécese un período de proba de dous (2) meses, dacordo co establecido no art. 14 do Estatuto dos Traballadores.

**Titulación requirida:** Formación Profesional de grado superior, Título de Bacharelato, ou titulación equivalente, con experiencia en centros similares ou noutros proxectos de implantación das TIC con impacto na cidadanía. CELGA 4 ou equivalente.

O contrato asinarase baixo a modalidade de **contrato de traballo de duración determinada, por obra ou servizo, a media xornada (de luns a venres, en principio en horario de mañá, pero poderá variar segundo as necesidades do servizo)**. Unha vez cumpridos todos os trámites da selección, procederase á sinatura do contrato, o cal terá **vixencia ata o 31 de decembro de 2014**.

**Retribucións.-** Segundo o establecido na notificación de resolución de solicitude de Aula de Referencia e concesión de subvención ao Concello de Carballedo. Considerando que o



## CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO

Teléf. : 982 46 62 01 / Fax: 982 46 63 52

E-mail: concello@ccarballedo.e.telefonica.net

contrato poida comezar o 1 de xuño, as retribucións mensuais serían as seguintes: salario bruto de 763,90 euros (xa incluídas as prorratas das pagas extras), e cota empresarial da Seguridade Social de 250,18 euros.

### 3.- REQUISITOS DOS/AS CANDIDATOS/AS.

Para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos referidos todos e cada un á data en que remate o prazo de presentación de instancias:

- Ser español ou nacional dun estado membro da Unión Europea nos termos previstos no artigo 27 da Lei 7/2007. Poderán participar, en igualdade de condicións que os españois, os estranxeiros con residencia legal en España.
- Ter cumpridos os 18 anos e non superar a idade establecida para a xubilación forzosa.
- Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira.
- Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha administración pública, nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Idéntico requisito seralles esixido aos nacionais dos demais estados membros da Unión Europea no seu caso.
- Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades de persoal ao servizo das administracións públicas.

**Serán requisitos específicos desta convocatoria:**

- Estar en posesión da titulación mínima de **Formación Profesional de Grao Superior, título de Bacharelato, ou titulación equivalente.**
- **Experiencia laboral demostrable en centros similares ou noutros proxectos de implantación das TIC con impacto na cidadanía.**
- **Ter coñecemento da lingua galega que se acreditará co Certificado CELGA 4 ou equivalente** debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, así como con títulos expedidos pola Escola Oficial de Idiomas.

Todos os requisitos anteriores deberán posuírse o día en que remate o prazo de presentación de instancias e deberán presentarse nas oficinas municipais coa solicitude.

### 4.- SOLICITUDES. LUGAR E PRAZO.-

**O modelo oficial de Instancia é o Anexo II destas bases, que tamén conteñen o Temario da fase oposición (Anexo I), e o Modelo de declaración xurada (Anexo III).** Ditos modelos, e todos os formularios e outra documentación relativa ao proceso, estará exposta na páxina web do Concello de Carballedo (<http://www.concellocarballedo.es>) no apartado “Áreas de interese - Oferta de emprego”, e no taboleiro de edictos do concello.

A instancia, en modelo oficial, solicitando tomar parte no proceso de selección presentarse no **registro de entrada do Concello de Carballedo, en horario de 9:00 a 14:00 horas, durante o prazo de cinco días hábiles trala publicación nun dos diarios de maior difusión da comarca.**



## CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeña, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO  
Teléfs.: 982 46 62 01 / Fax: 982 46 63 52  
E-mail: concello@ccarballedo.e.telefonica.net

**Tamén se poderá presentar a instancia mediante as formas previstas no artigo 38.4 a lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Neste caso, o/a aspirante deberá dirixir por fax, ó 982466352 unha copia da instancia con toda a documentación con anterioridade ó remate do prazo, os efectos de que poida ser incluído/a na relación de admitidos/as.**

**Á solicitude achegarase a seguinte documentación:**

1. Fotocopia compulsada do DNI ou, se é o caso, documento equivalente expedido pola autoridade competente do país de orixe.
2. Fotocopia compulsada da titulación esixida.
3. Fotocopia compulsada do documento que acredite estar en posesión do CELGA 4 ou equivalente.
4. Declaración xurada de cumpri-los requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente e de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o desenvolvemento das tarefas propias da praza á que se opta.
5. Documentación xustificativa dos méritos alegados para a fase de concurso, debidamente compulsada por funcionario ou autoridade competente. O tribunal non avaliará so méritos que non se aporten ou acrediten desta maneira.

De conformidade co artigo 59.6. b) da lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, **fíxase como medio de comunicación para exposición das publicacións que se deriven dos actos integrantes deste procedemento selectivo, o taboleiro de edictos do Concello de Carballedo.**

### **5. TRIBUNAL CUALIFICADOR.-**

O órgano de selección será colexiado e, como mínimo, constará dun Presidente, tres vogais e un secretario, que serán designados por resolución da Alcaldía de acordo co disposto no artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e a súa composición farase pública coa resolución pola que se aprobará a lista provisional de admitidos e excluídos. A súa composición axustarase os principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase á paridade entre homes e mulleres.

Deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso a dita praza e non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente.

Segundo o recollido no art. 60 da Lei 7/2007 de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, na designación dos membros do tribunal tenderase a buscar a paridade entre mulleres e homes, e en todo caso, actuarase seguindo os principios de imparcialidade e profesionalidade dos membros, téndose así mesmo en conta que, o persoal de elección, de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ó alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nos artigos 28 e 28 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento



## CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO  
Teléfs.: 982 46 62 01 / Fax: 982 46 63 52  
E-mail: [concello@ccarballedo.e.telefonica.net](mailto:concello@ccarballedo.e.telefonica.net)

Administrativo Común, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso non cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

A Presidencia ou o tribunal poderá dispor a incorporación os seus traballos dun asesor especialista, con voz e sen voto, cando a natureza ou circunstancias das probas así o aconsellen, limitándose o mencionado asesor a prestar a súa colaboración na súa especialidade técnica.

Dito tribunal estará facultado para interpretar as presentes bases, así como para resolver todas as dúbidas que puideran xurdir.

### **6.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN. CRITERIO DE DESEMPATE. BOLSA DE EMPREGO.-**

**Finalizado o prazo de presentación de instancias, o alcalde ditará resolución no prazo máximo de cinco días naturais, declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos, concedéndose, a partir do día seguinte un prazo de dous días hábiles para a emenda de defectos que motivaran a súa exclusión ou omisión da relación dos admitidos ou excluídos.**

**Nesta mesma resolución incluírase a composición do Tribunal cualificador.**

En todo caso, esta resolución será exposta no **taboleiro de edictos** do concello, e na páxina web do Concello de Carballedo (<http://www.concellocarballedo.es>) no apartado “Áreas de interese - Oferta de emprego”.

**O Tribunal cualificador aceptará ou rexeitará as emendas de defectos presentadas dentro do prazo establecido polos candidatos, elaborará a proposta de lista definitiva de admitidos e excluídos, e elevará dita proposta á Alcaldía, que aprobará por resolución a lista definitiva de admitidos e excluídos.**

**A lista definitiva** publicarase do mesmo xeito que a provisional no prazo máximo de dous días hábiles contados desde o remate do prazo de emenda de defectos, **con indicación do día e hora na que terá lugar a valoración da fase de concurso e a proba de selección.**

Os aspirantes que fosen definitivamente excluídos na resolución da Alcaldía, poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución.

**Realizada a cualificación dos méritos e a proba de oposición, o Tribunal publicará no taboleiro de edictos e na páxina web do concello a relación de aspirantes por orde de puntuación, propoñendo ao órgano competente a contratación en favor de aquel aspirante que obtivera a maior puntuación.**

A puntuación final dos opositores aprobados estará determinada polo resultado de sumar á puntuación obtida na fase de oposición os méritos da fase de concurso.

**Criterio de desempate:** en caso de empate entre dous ou máis aspirantes, terá preferencia o candidato/a que obtivese **maior puntuación na fase de oposición**. De persistir o empate, contratarase ao aspirante con **maior puntuación por experiencia profesional** na fase de



## CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO  
Teléfs.: 982 46 62 01 / Fax: 982 46 63 52  
E-mail: concello@ccarballedo.e.telefonica.net

concurso. Se persiste o empate, terase en conta a **maior puntuación obtida en cursos relacionados co posto** a desenvolver na fase de concurso.

**Bolsa de emprego.-** As persoas que aproben e non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, se o concello precisa dalgún/ha profesional destas características (Axente TIC para o CeMIT do Concello do Carballedo) para cubri-lo posto se queda vacante como consecuencia de producirse algunha das seguintes circunstancias:

- baixa por IT, do/a titular (contrato de interinidade).
- baixa por maternidade da titular máis o permiso por lactación cando se acumule en xornadas completas (contrato de interinidade).
- vacacións, permisos ou descansos do/a titular (contrato de interinidade).
- vacante definitiva da praza por renuncia voluntaria do/a traballador/a ou por non superación do período de proba (contrato de servizo determinado).

Entón acudirase a dita bolsa, seleccionando ó/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionarse ó/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitase o posto, o que suporá pasar ó final da lista salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando ou enfermo/a, o que deberá xustificarse mediante a documentación necesaria.

Así mesmo, pasarase a chamar ó/á seguinte da lista, no suposto de que a persoa seleccionada para o posto non xustifique a documentación requirida nas presentes bases.

Se fose necesario acudir á bolsa, sendo o concello quen decide esta situación, a modalidade contractual que se empregará para contratar dito persoal para os tres primeiros dos supostos descritos será de interinidade, polo tempo que dure a ausencia do/a traballador/a substituído/a con dereito a reserva do posto de traballo, e para o último dos supostos utilizarase o contrato de servizo determinado, respectándose en todo caso, o establecido nas presentes bases en canto a duración máxima do contrato. A duración desta bolsa será ata o 31/12/2014.

### 7.- SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN.-

O sistema de selección será o de concurso-oposición.

#### FASE DE CONCURSO DE MÉRITOS.-

Os méritos a que se fai referencia neste baremo, deberanse posuír na data de remate do prazo para a presentación de instancias, computándose, en calquera caso, ata dita data, sendo valorados só os que se aleguen e xustifiquen documentalmente coa presentación da instancia.

A valoración dos méritos realizarase do seguinte xeito, **sendo a máxima puntuación a obter na fase de concurso 9 PUNTOS** que se distribúen do seguinte xeito:

#### a) **Por experiencia Profesional: Puntuación máxima 4,50 puntos.**

- **Por servizos remunerados prestados nas Administracións públicas (máximo 3 puntos)**, en postos de traballos similares e directamente relacionados, con contrato laboral ou ben mediante calquera outro tipo de contrato (proxectos de implantación das TIC con impacto na cidadanía): 1 punto por cada ano completo de servizos, valorándose as fraccións inferiores ao ano en 0,0833 puntos por mes, e sen que o total poida exceder de 3 puntos.

- **Por servizos remunerados prestados en empresas privadas (máximo 1,50 puntos)**, asociacións, fundacións ou institucións privadas, todas elas con entidade propia, ben sexa



## CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO

Teléfono: 982 46 62 01 / Fax: 982 46 63 52

E-mail: concello@ccarballedo.e.telefonica.net

mediante contrato laboral ou ben mediante calquera outro tipo de contrato encargándose da xestión e funcionamento de centros similares ou prestados como Técnico/a de Dinamización en proxectos similares de implantación de TICs con impacto na cidadanía: 0,50 puntos por cada ano completo de servizos, valorándose as fraccións inferiores ao ano en 0,042 puntos por mes, e sen que o total poida exceder de 1,50 puntos.

A experiencia profesional acreditarase mediante certificados de empresa, de servizos prestados, contratos de traballo, ou por calquera outro documento que posúa eficacia xurídica, legalmente formalizado e emitido, onde queden reflectidos expresa e claramente os servizos realizados. Si se decide aportar un Informe de Vida Laboral, este deberase xustificar cos documentos indicados neste punto.

**b) Por cursos relacionados co posto a desenvolver. Puntuación máxima 2,50 puntos.** (Habilidades de comunicación, atención, capacidade e uso de técnicas de escoita activa e dinamización social).

- De 15 a 50 horas de duración: 0,20 puntos.
- De 51 a 100 horas. 0,40 puntos.
- De 101 a 150 horas: 0,60 puntos.
- De 151 a 200 horas: 0,80 puntos
- De 201 en diante: 1 punto

Os cursos con menos de 15 horas ou sen especificar a duración, serán valorados a 0,05 puntos.

Só puntuarán os cursos que teñan relación co posto e fosen impartidos polas Administracións Públicas, universidades, Servizo Público de Emprego/INEM, formación ocupacional e outros centros oficiais.

Os cursos cunha antigüidade superior os 10 anos non puntuarán.

**c) Cursos acreditados en informática. Puntuación máxima 2,00 puntos.**

- De 15 a 50 horas de duración: 0,20 puntos.
- De 51 a 100 horas. 0,40 puntos.
- De 101 a 150 horas: 0,60 puntos.
- De 151 a 200 horas: 0,80 puntos

**FASE DE OPOSICIÓN.- (Puntuación máxima: 14 puntos).**

**Os aspirantes convocaranse nun chamamento único**, agás en casos de forza maior, debidamente xustificadas e apreciadas libremente polo tribunal. A non comparecencia no momento de ser chamados, comportará que decae automaticamente, e, en consecuencia, quedará excluído do proceso selectivo.

- **Exercicio tipo test: de carácter obrigatorio e eliminatorio**, consistirá en contestar por escrito e durante o **tempo máximo de 2 horas**, a un cuestionario tipo test, elaborado polo tribunal antes da proba, relacionado con materias contidas no temario que figura como Anexo I a estas Bases.

**O exercicio tipo test constará de tres partes, con preguntas con respostas múltiples, das que só unha será a correcta:**

**A primeira parte, sobre lexislación, constará de 20 preguntas.**



## CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO  
Teléfs.: 982 46 62 01 / Fax: 982 46 63 52  
E-mail: [concello@ccarballedo.e.telefonica.net](mailto:concello@ccarballedo.e.telefonica.net)

**A segunda parte, sobre informática, constará de 20 preguntas.**

**A terceira parte, sobre o Concello de Carballedo, constará de 10 preguntas.**

**O exercicio completo tipo test puntuará de 0 a 14 puntos como máximo. Cada pregunta acertada puntuará 0,28 puntos. Será necesario que o/a aspirante acerte como mínimo a metade das preguntas de cada parte para poder superar o test e non quedar excluído.**

### ANEXO I. TEMARIO DA FASE OPOSICIÓN.

#### PRIMEIRA PARTE. LEXISLACIÓN.

Tema 1. A Constitución Española de 1978.

Tema 2. O Estatuto de Autonomía de Galicia.

Tema 3. A Lei 7/85, de bases de réxime local. Texto consolidado trala reforma operada pola lei 27/2013, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.

Tema 4. Decreto lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Función Pública de Galicia.

Tema 5. Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. Texto consolidado.

Tema 6. A Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal.

#### SEGUNDA PARTE. INFORMÁTICA.

Tema 1. As Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TICs).

Tema 2. A alfabetización dixital. A E-Administración.

Tema 3. A Rede de Telecentros da Comunicación.

Tema 4. Sistema operativo. Internet e intranet. Protocolo TCP/IP.

Tema 5. Informática básica: procesadores de texto (Word), follas de cálculo (Excel), bases de datos (Access). Correo electrónico. Navegadores de internet.

#### TERCEIRA PARTE. COÑECEMENTO DO CONCELLO DE CARBALLEDO.

Tema único. O Concello de Carballedo. Información publicada na súa páxina web (<http://www.concellocarballedo.es>).

### Anexo II. MODELO DE INSTANCIA.

D./Dna.: ....., con DNI número.....e domicilio a efectos de notificacións e comunicación en.....CP..... localidade.....teléfono..... E-mail: .....

#### EXPON:

I.- Que ten coñecemento da convocatoria e bases para a selección de UN/UNHA AXENTE TIC para a AULA CeMIT, a media xornada, como persoal laboral temporal non permanente do Concello de Carballedo (Lugo).





**CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)**

Plaza V. Portomeño, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO  
Teléfs.: 982 46 62 01 / Fax: 982 46 63 52  
E-mail: concello@ccarballedo.e.telefonica.net

II.- Que está en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases de selección, e que son certos tódolos datos consignados na solicitude.

Polo exposto,

**SOLICITA:** Ser admitido ao correspondente proceso selectivo, aportando a estes efectos a documentación que se achega.

Lugar e data

Asdo.:

**DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:**

- Fotocopia compulsada do DNI (ou documento equivalente: carné de conducir, pasaporte, ...).
- Fotocopia compulsada da Titulación esixida para o acceso á convocatoria.
- Fotocopia compulsada do documento que acredite estar en posesión do CELGA 4 ou equivalente.
- Declaración xurada de cumpri-los requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente e de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o desenvolvemento das tarefas propias da praza á que se opta (modelo do Anexo III).
- Fotocopia compulsada da Documentación xustificativa dos méritos alegados para a fase de concurso, debidamente compulsada por funcionario ou autoridade competente (o tribunal non avaliará so méritos que non se aporten ou acrediten desta maneira):
  - .....
  - .....
  - .....
  - .....
  - .....
  - .....
  - .....
  - .....
  - (no caso de ser necesario continuarase ao reverso enunciando a documentación que se achegue).

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO).

**ANEXO III. MODELO DE DECLARACIÓN XURADA.**

Declaración xurada de cumpri-los requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente e de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o desenvolvemento das tarefas propias da praza á que se opta (modelo do Anexo III).

Eu, Don / Dona ..... con D.N.I. número ....., declaro baixo a miña exclusiva responsabilidade



## CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeña, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO  
Teléfs.: 982 46 62 01 / Fax: 982 46 63 52  
E-mail: concello@ccarballedo.e.telefonica.net

que **cumpro os requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública**, que non teño expediente disciplinario, nin fun despedido por causas disciplinarias por unha Administración Pública, e tamén que non incorro en incompatibilidade, nin teño sido separado ou inhabilitado de empregos ou cargos en ningunha Administración Pública.

Manifesto tamén baixo a miña responsabilidade que na actualidade **teño a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais na ocupación de AXENTE TIC**, e tamén declaro non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o desenvolvemento das tarefas propias da praza á que se opta.

(Sinatura do interesado)


En ....., a.....de.....de 2014.

**SEGUNDO.-** Convocar publicamente a quen desexe participar nas citadas probas selectivas. Estas bases e demais documentación relevante do proceso selectivo estará en exposición pública no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Carballedo no apartado “Áreas de interese - Oferta de emprego”.

**TERCEIRO.-** Ordenar a publicación da presente convocatoria por medio de breve anuncio nun dos diarios de maior difusión da comarca, e realizar tódalas xestións necesarias para a súa tramitación.

Carballedo, a doce de maio de dous mil catorce.

O ALCALDE,



Julio M. Yebra-Pimentel Blanco